

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA ESCOLA INTERNACIONAL DE DOUTORAMENTO

**Lugar:** sala virtual nº 14 da EIDO no Campus Remoto

**Data:** 21 de maio de 2021

**Hora de comezo:** 12:30 h

**Hora de remate:** 14:22 h

### ASISTENTES

Antonio Pino García (director da Eido), presidente

José Luis Gómez Reboiro (xefe do Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao)

Joaquín Collazo Rodríguez (director da Área de Calidade)

María Asunción Longo González (responsable de calidade dos PD do ámbito Enxeñaría e Arquitectura)

Pedro Pablo Gallego Veigas (responsable de calidade dos PD do ámbito Científico)

María Paloma Morán Martínez (responsable de calidade do PD do ámbito Campus do Mar)

Ángeles Parrilla Lata (responsable de calidade dos PD do ámbito Xurídico-Social)

Juan Jesús Rico Fuentes (alumno)

Marcos Arias Acuña (subdirector da Eido), secretario

### INVITADOS

José Miguel Dorribo Rivera (técnico superior de calidade da Área de Calidade)

## ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta das sesión anterior
2. Informe da presidencia
3. Aprobación, se procede, da proposta cuestionarios harmonizados dentro do SUG
4. Análise e validación dos informes de acreditación dos programas de doutoramento
5. Rolda aberta de intervencións

## DELIBERACIÓNS

### **1 Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior**

Apróbase por asentimento a acta da Comisión de Calidade da EIDO do 23 de outubro de 2020.

### **2 Informe da presidencia**

O director da EIDO informa sobre:

- Verificación e Modificación dos programas: xa temos o informe definitivo da modificación do P.D. Educación, deporte e Saúde como o de verificación do P.D. Matemáticas e Aplicacións. Falta o definitivo do P.D CC. Sociais e Envellecemento do que xa se enviou a resposta ao informe provisional. Respecto as modificacións dos programas para implantar no curso 2022/23, o P.D. Xeotecnoloxías Aplicadas á Construción, Enerxía e Industria desistiu por non ter recibido o informe de renovación de acreditación, e o P.D. Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (DocTIC) está en fase de recepción de alegacións á memoria provisional polo que o traeremos para a súa validación á Comisión de Calidade a principios de xuño.
- Renovación de acreditación: da convocatoria co curso 2020/21, no punto 4 valoraremos os informes dos programas. Respecto á convocatoria do curso 2019/20 temos os informes finais favorables dos P.D Comunicación e P.D. Estudos Literarios e os informes provisionais de P.D. Equidade e innovación en educación, P.D. Xestión y Resolución de Conflitos, P.D. Menores, Familia y Xustiza Terapéutica e P.D. Arte Contemporánea.
- Seguimento: no punto 4 validarase o informe do P.D. Análise económica e estratexia empresarial. A partir do 31 de maio debemos facer unha avaliación interna do seguimento do programa, polo que na próxima comisión de calidade aprobarase un procedemento polo que voluntarios farían a avaliación externa e A EIDO e a Área de calidade farían o papel da ACSUG.
- Medición da satisfacción: tratarase no punto 3.
- Taxas de abandono, eficiencia e graduación: no SUG tamén estase a tratar de harmonizar o cálculo destas 3 taxas.

### **3 Aprobación, se procede, da proposta cuestionarios harmonizados dentro do SUG**

O técnico superior de calidade da Área de Calidade informa que as áreas de calidade das tres universidades do SUG estanse reunindo para tratar de harmonizar os diferentes cuestionarios (estudantes, PDI, PAS e egresados) e tamén as súas frecuencias e prazos.

A continuación, o subdirector da EIDO comenta os formularios e os responsables de calidade dos PD do ámbito Científico e do ámbito Campus do Mar fan algunhas suxestións para mellorar os cuestionarios sen modificar o acordo coas outras dúas universidades.

A Comisión de calidade aproba os cuestionarios de PAS e egresados e delega na dirección da EIDO para que faga algunha mellora sen alterar a estrutura. A versión final recóllese no Anexo I.

## 4 Análise e validación dos informes de acreditación dos programas de doutoramento

O subdirector da EIDO informa da situación no que están cada un dos programas que van á renovación da acreditación ou seguimento:

Programas en renovación da acreditación:

- Tradución e Paratradución
- Estudos Lingüísticos
- Ecosistemas Terrestres, Uso Sustentable e Implicacións Ambientais
- Ciencia e Tecnoloxía de Coloides e Interfaces
- Física Aplicada
- Tecnoloxía aeroespacial: : Enxeñarías Electromagnética, Electrónica , Informática e Mecánica
- Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria
- Sistemas de Software Intelixentes e Adaptables

Programas en seguimento:

- Análise económica e estratexia empresarial

A continuación, os membros da Comisión de calidade informan sobre as incidencias detectadas nas revisadas por cada membro.

En liñas xerais, a Comisión de calidade recorda que todas as valoracións ten que estar avaladas por datos dos indicadores ou evidencias, que o cadro de profesores debe estar ben xustificado pola súa participación en dirección de teses, de proxectos de investigación ou actividades formativas e que non estase a avaliar á CAPD dos programas senón á Universidade en conxunto.

A Comisión de calidade acorda validar os informes de acreditación e de seguimento, e o subdirector da EIDO enviaralle a cada programa as incidencias detectadas pola revisión dos membros da Comisión de Calidade e pola Área de Calidade para que remita a versión final na próxima semana.

## 5 Rolda aberta de intervencións

Non hai

### ACORDOS

1 Apróbbase a acta da Comisión de Calidade da EIDO do día 6 de abril de 2021.

2 Apróbanse os cuestionarios harmonizados co SUG que se recollen no Anexo I

4 Valídanse os informes de renovación de acreditación e de seguimento do ano 2021

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto esta acta como secretario.

O secretario,

Visto e prace  
O presidente

# MEDICIÓN DA SATISFACCIÓN

## PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO

---

### Cuestionario para o estudiantado de 1º ano

*A Escola Internacional de Doutoramento da Universidade de Vigo está a realizar unha enquisa para mellorar a calidade dos seus programas de doutoramento, e así contribuír á mellora da formación do estudiantado e á mellora da propia Universidade.*

*Por iso, gustaríanos coñecer a súa opinión sobre diferentes aspectos da titulación contestando o seguinte cuestionario que lle tomará uns minutos.*

*Na maioría das preguntas basta con que exprese o seu grao de satisfacción puntuando de 1 a 5 as cuestións no lugar indicado para iso (o valor 1 é o máis negativo da escala e o 5 o máis positivo, sendo 3 o valor central); noutras, a posible resposta é aberta.*

*Aviso sobre confidencialidade:*

*O tratamento das respostas será anónimo e confidencial e nunca serán tratadas persoalmente. A identificación mediante o código de acceso en ningún caso quedará asociada ás respostas emitidas ao encher o cuestionario.*

*A escala empregada é a seguinte:*

*(1) Moi insatisfactorio; (2) Insatisfactorio; (3) Aceptable; (4) Satisfactorio;*

*(5) Moi satisfactorio.*

*Se non ten ningunha opinión sobre algunha cuestión ou non é aplicable para vostede, pode deixala en branco.*

Datos de entrada (opcionais)

1 Sexo (*Home / Muller*)

2 Nacionalidade

3 Dispón de bolsa ou contrato para realizar os estudos?

4 Universidade na que finalizou os estudos previos á matrícula no programa de doutoramento

5 Dedicación maioritaria no programa ([tempo completo ou parcial](#))

6 Código titulación

7 Titulación

Indique, por favor, o seu grao de satisfacción coas seguintes cuestións, [cunha valoración comprendida entre 1 e 5](#). O 1 representa a cualificación máis baixa (moi en desacordo ou moi insatisfeito/a co enunciado) e o 5 a máis alta (moi de acordo ou moi satisfeito/a co enunciado).

### **Xestión da titulación**

Información e orientación xeral do programa (criterio *Información e transparencia*)

1 A información pública dispoñible nas webs, sobre o programa de doutoramento (obxectivos, requisitos formativos, cadro docente, liñas de investigación)

2 [A información sobre](#) o sistema de bolsas/contratos para o [estudantado](#) (etapa de formación, mobilidade).

Procedementos administrativos (criterio *Organización e desenvolvemento*)

3 O proceso de admisión e matrícula

4 Os procedementos informáticos relativos á proposta e á aprobación dos documentos de actividades formativas

5 Os procedementos informáticos relativos á proposta e á aprobación dos plans de investigación

### **Recursos**

Recursos humanos

6 O labor do/a coordinador/a do programa

7 O labor do/a meu/miña titor/a

8 O labor do/a/s meu/miña/s director/a/s de tese

9 O fomento da crítica científica e maila actividade investigadora, por parte do/a/s director/a/s da tese

10 O labor do persoal administrativo da [Escola Internacional de Doutoramento](#) e o do centro (facultade, escola, centros ou institutos de investigación)

#### Recursos materiais

11 Os medios materiais, bibliográficos e de investigación necesarios para desenvolver a miña tese

12 Os espazos de traballo (biblioteca, laboratorios, etc.)

#### Oferta formativa (criterio *Organización e desenvolvemento*)

13 Elixín este programa pola súa relación cos meus obxectivos profesionais

#### **Valoración xeral do programa de doutoramento** (*pregunta de síntese*)

14 Indique o seu grao de satisfacción global co programa de doutoramento

#### **Suxestións/Observacións**

Se quere facer algunha suxestión/observación, utilice este espazo:

*Moitas grazas pola súa colaboración*

## Cuestionario para o estudiantado de 3º ano

*A Escola Internacional de Doutoramento da Universidade de Vigo está a realizar unha enquisa para mellorar a calidade dos seus programas de doutoramento, e así contribuír á mellora da formación do estudiantado e á mellora da propia Universidade.*

*Por iso, gustaríanos coñecer a súa opinión sobre diferentes aspectos da titulación contestando o seguinte cuestionario que lle tomará uns minutos.*

*Na maioría das preguntas basta con que exprese o seu grao de satisfacción puntuando de 1 a 5 as cuestións no lugar indicado para iso (o valor 1 é o máis negativo da escala e o 5 o máis positivo, sendo 3 o valor central); noutras, a posible resposta é aberta.*

*Aviso sobre confidencialidade:*

*O tratamento das respostas será anónimo e confidencial e nunca serán tratadas persoalmente. A identificación mediante o código de acceso en ningún caso quedará asociada ás respostas emitidas ao encher o cuestionario.*

*A escala empregada é a seguinte:*

*(1) Moi insatisfactorio; (2) Insatisfactorio; (3) Aceptable; (4) Satisfactorio;*

*(5) Moi satisfactorio.*

*Se non ten ningunha opinión sobre algunha cuestión ou non é aplicable para vostede, pode deixala en branco.*

Datos de entrada (opcionais)

1 Sexo (*Home / Muller*)

2 Nacionalidade

3 Dispón de bolsa ou contrato para realizar os estudos?

4 Universidade na que finalizou os estudos previos á matrícula no programa de doutoramento

5 Dedicación maioritaria no programa ([tempo completo ou parcial](#))

6 Código titulación

7 Titulación

Indique, por favor, o seu grao de satisfacción coas seguintes cuestións, [cunha valoración comprendida entre 1 e 5](#). O 1 representa a cualificación máis baixa (moi en desacordo ou moi insatisfeito/a co enunciado) e o 5 a máis alta (moi de acordo ou moi insatisfeito/a co enunciado).

### **Xestión da titulación**

Información e orientación xeral do programa (criterio *Información e transparencia*)

1 A información pública dispoñible nas webs, sobre o programa de doutoramento (obxectivos, requisitos formativos, cadro docente, liñas de investigación)

2 A información proporcionada sobre as modalidades de presentación da tese (tradicional ou por compendio de artigos)

3 A información proporcionada sobre a mención internacional/[mención industrial](#)

4 A información proporcionada sobre o sistema de bolsas/contratos da etapa de formación.

5 [A información proporcionada sobre o sistema de bolsas/contratos para investigadores/as posdoutorais](#)

6 A información sobre saídas profesionais tralo doutoramento

Procedementos administrativos (criterio *Organización e desenvolvemento*)

7 O proceso de renovación da matrícula

8 Os trámites administrativos que debo seguir antes de defender a miña tese

9 Os procedementos informáticos relativos á proposta e á aprobación dos documentos de actividades formativas e dos plans de investigación

10 Os procedementos informáticos relativos ás avaliacións anuais



## **Recursos**

### Recursos humanos

- 11 O labor do/a coordinador/a do programa
- 12 O labor do/a meu/miña titor/a
- 13 O labor do/a/s meu/miña/s director/a/s de tese
- 14 O fomento da crítica científica e maila actividade investigadora, por parte do/a/s director/a/s da tese
- 15 O labor do persoal administrativo da [Escola Internacional de Doutoramento e o do centro \(facultade, escola, centros ou institutos de investigación\)](#)

### Recursos materiais

- 16 Os medios materiais, bibliográficos e de investigación necesarios para desenvolver a miña tese
- 17 Os espazos de traballo (biblioteca, laboratorios, etc.)

### Oferta formativa (criterio *Organización e desenvolvemento*)

- 18 O tema da miña tese responde ás miñas expectativas
- 19 O programa de doutoramento achégame coñecementos novos, precisos e actualizados
- 20 A oferta formativa do programa (cursos, seminarios, etc. obrigatorios e/ou complementarios) é de interese
- 21 Elixín este programa pola súa relación cos meus obxectivos profesionais
- 22 O programa de doutoramento ábreme novas perspectivas cara a miña inserción laboral
- 23 O meu esforzo e dedicación para a miña investigación

### **Valoración xeral do programa de doutoramento (*pregunta de síntese*)**

- 24 [Indique o seu grao de satisfacción global](#) co programa de doutoramento
- 25 Coa información da que dispoño neste momento, volvería elixir este programa para realizar estudos de doutoramento

### **Suxestións/Observacións**

[Se quere facer algunha suxestión/observación, utilice este espazo:](#)

*Moitas grazas pola súa colaboración*

# MEDICIÓN DA SATISFACCIÓN

## PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO

---

### Cuestionario para os directores/as e titores/as de teses

*A Escola Internacional de Doutoramento da Universidade de Vigo está a realizar unha enquisa para mellorar a calidade dos seus programas de doutoramento, e así contribuír á mellora da formación do estudiantado e á mellora da propia Universidade.*

*Por iso, gustaríanos coñecer a súa opinión sobre diferentes aspectos da titulación contestando o seguinte cuestionario que lle tomará uns minutos. Se vostede é director/a ou titor/a de tese de máis dun programa de doutoramento, escolla aquel co que teña máis vinculación.*

*Na maioría das preguntas basta con que exprese o seu grao de satisfacción puntuando de 1 a 5 as cuestións no lugar indicado para iso (o valor 1 é o máis negativo da escala e o 5 o máis positivo, sendo 3 o valor central); noutras, a posible resposta é aberta.*

*Aviso sobre confidencialidade:*

*O tratamento das respostas será anónimo e confidencial e nunca serán tratadas persoalmente. A identificación mediante o código de acceso en ningún caso quedará asociada ás respostas emitidas ao encher o cuestionario.*

*A escala empregada é a seguinte:*

*(1) Moi insatisfactorio; (2) Insatisfactorio; (3) Aceptable; (4) Satisfactorio;*

*(5) Moi satisfactorio.*

*Se non ten ningunha opinión sobre algunha cuestión ou non é aplicable para vostede, pode deixala en branco.*

Datos de entrada

1 Sexo (*Home / Muller*)

2 Perfil (*director/a de tese; titor/a de tese; director/a e titor/a de tese*)

3 Programa de doutoramento

Indique, por favor, o seu grao de satisfacción coas seguintes cuestións, cunha valoración comprendida entre 1 e 5. O 1 representa a cualificación máis baixa (moi en desacordo ou moi insatisfeito/a co enunciado) e o 5 a máis alta (moi de acordo ou moi satisfeito/a co enunciado).

### **Xestión da titulación**

#### Organización e desenvolvemento

1 A información, [planificación e coordinación](#) levadas a cabo pola comisión académica do programa de doutoramento (CAPD)

2 [A oferta, planificación e organización](#) das actividades formativas ([seminarios, cursos, congresos, xornadas...](#))

3 [As actividades desenvolvidas e axudas dispoñibles á mobilidade ou estadias de investigación](#)

4 [A supervisión e a avaliación do progreso da investigación](#) do/a/s doutorando/a/s realizadas pola CAPD

5 A motivación e os coñecementos do estudantado matriculado no programa

6 O apoio económico (contratos, bolsas) aos/ás doutorandos/as

#### Información e transparencia

7 A información proporcionada pola páxina web do programa

8 A información proporcionada pola páxina web da Escola Internacional de Doutoramento

### **Recursos**

#### Recursos humanos

9 Os requisitos esixidos para acreditar a experiencia investigadora

10 [O mecanismo de recoñecemento \(dedicacións docentes\) do labor de titorización e dirección de teses](#)

### Recursos materiais e servizos

11 A adecuación e a dispoñibilidade dos laboratorios, aulas, espazos para talleres, equipamentos especiais, recursos bibliográficos, recursos e redes de telecomunicacións

12 O apoio nos trámites administrativos prestado polo persoal administrativo

13 A xestión na resolución das incidencias e reclamacións

### **Resultados**

#### Resultados do programa formativo

15 A formación investigadora adquirida polo estudantado

#### **Valoración xeral do programa de doutoramento (*pregunta de síntese*)**

16 Indique o seu grao de satisfacción global co programa de doutoramento

### **Suxestións/Observacións**

Se quere facer algunha suxestión/observación, utilice este espazo:

*Moitas grazas pola súa colaboración*

# MEDICIÓN DA SATISFACCIÓN

## PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO

---

### Cuestionario para o persoal de administración e servizos (PAS)

*A Escola Internacional de Doutoramento da Universidade de Vigo está a realizar unha avaliación para mellorar a calidade dos seus programas de doutoramento, e así contribuír á mellora da formación do estudiantado e á mellora da propia Universidade.*

*Por iso, gustaríanos coñecer a súa opinión sobre diferentes aspectos dos programas de doutoramento contestando o seguinte cuestionario.*

*Na maioría das preguntas basta con que exprese o seu grao de satisfacción puntuando de 1 a 5 as cuestións no lugar indicado para iso (o valor 1 é o máis negativo da escala e o 5 o máis positivo, sendo 3 o valor central); noutras, a posible resposta é aberta.*

#### *Aviso sobre confidencialidade:*

*O tratamento das respostas será anónimo e confidencial e nunca serán tratadas persoalmente.*

*A escala empregada é a seguinte:*

*(1) Moi insatisfactorio; (2) Insatisfactorio; (3) Aceptable; (4) Satisfactorio;*

*(5) Moi satisfactorio.*

*Se non ten ningunha opinión sobre algunha cuestión ou non é aplicable para vostede, pode deixala en branco.*

Datos de entrada

1 Ámbito

Indique, por favor, o seu grao de satisfacción coas seguintes cuestións, cunha valoración comprendida entre 1 e 5. O 1 representa a cualificación máis baixa (moi en desacordo ou moi insatisfeito/a co enunciado) e o 5 a máis alta (moi de acordo ou moi satisfeito/a co enunciado).

## *BLOQUE I*

### **Xestión da titulación**

#### Organización e desenvolvemento

1 A xestión desenvolvida polas comisións académicas dos programas de doutoramento (CAPD)

2 [A xestión desenvolvida polo/a coordinador/a do programa](#)

3 O contacto co estudiantado dos programas de doutoramento

4 [A coordinación cos outros servizos con competencias de xestión nos estudos de doutoramento \(Servizo de Posgrao, Eido, áreas académicas dos centros...\)](#)

#### Información e transparencia

5 A información proporcionada polas páxinas web dos programas de doutoramento

6 A información proporcionada pola páxina web da Eido

#### Xestión da calidade (Sistema de garantía de calidade de doutoramento)

7 A xestión das queixas, suxestións e parabéns

8 A identificación, na miña actividade diaria, de aspectos susceptibles de mellora

### **Recursos**

#### Recursos humanos

9 A estrutura organizativa [da universidade para apoiar os programas de doutoramento](#)

10 A dotación do persoal en doutoramento

11 A formación para desempeñar o meu traballo en doutoramento

### Recursos materiais e servizos

12 O equipamento (recursos, espazos, aplicacións informáticas) para desenvolver o meu traballo

13 [As ferramentas para xestionar e desenvolver os estudos de doutoramento.](#)  
(aplicacións informáticas, medios nos laboratorios...)

### **Valoración xeral dos programas de doutoramento (*pregunta de síntese*)**

16 [Indique o seu grao de satisfacción global coa xestión](#) dos programas de doutoramento

### **Suxestións/Observacións**

En xeral, que é o que máis valora dos programas de doutoramento?

Segundo a súa opinión, que melloras considera que se deberían incorporar aos programas de doutoramento?

[Se quere facer algunha suxestión/observación, utilice este espazo:](#)

## *BLOQUE II*

*Valore, por favor, para cada programa de doutoramento, os aspectos que se mencionan:*

Organización e desenvolvemento

Información pública e transparencia

Xestión da calidade

Recursos humanos

Recursos materiais e servizos

Resultados

*Moitas grazas pola súa colaboración*



## **MEDICIÓN DA SATISFACCIÓN**

### PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO

---

## **Ficha técnica da actividade de medición**

### PERSOAS TITULADAS

#### Actividade

Medición da satisfacción das persoas tituladas (doutores/as) cos programas de doutoramento (PD) da Universidade de Vigo.

#### Obxecto da actividade

Obter información útil relativa á satisfacción respecto dos PD para mellorar a calidade destes, e así contribuír á mellora da formación do estudiantado de doutoramento e á mellora da propia universidade.

#### Responsable da actividade

O Observatorio de Persoas Tituladas do Consello Social da Universidade de Vigo, que asume a dirección, supervisión e control xeral da súa realización, en colaboración coa dirección da Escola Internacional de Doutoramento (Eido).

As cuestións administrativas de preparación e de información son tratadas co Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao.

As cuestións técnicas (p.ex., o deseño do cuestionario, a metodoloxía de medición) son tratadas coa Área de Calidade.

As cuestións ligadas á presentación dos resultados son tratadas coa Unidade de Análises e Programas.

As cuestións ligadas á dispoñibilidade, funcionamento e mantemento das aplicacións informáticas que lle dan soporte á enquisa, así como a administración dos datos, son responsabilidade da Área de Tecnoloxías de Información e de Comunicación (ATIC).

#### Alcance da actividade

##### Ámbito

Abrangue todos os programas de doutoramento oficiais activos adscritos á Eido da Universidade de Vigo.

##### Poboación

Todas as persoas tituladas matriculadas na Universidade de Vigo en todos os PD no curso respecto do cal se quere medir a satisfacción.

Tamaño da poboación:

O tamaño da poboación varía dependendo da matrícula anual.

De xeito aproximado, rango de 100 – 150 persoas.

Criterios de selección da mostra, das persoas entrevistadas ou das persoas participantes

Non hai mostraxe (pregúntase a toda a poboación que consentiu a realización desta actividade)

Tamaño da mostra ou número de persoas entrevistadas ou de persoas participantes

-

## Modelo de medición

Metodoloxía

Enquisa de satisfacción.

Cuestionario

Cuestionario auto-administrado dispoñible en liña (aplicación informática).

Estrutura:

- Valoración dos aspectos ligados á empregabilidade e inserción laboral.
- Valoración da satisfacción global co PD

Escala de valoración

Preguntas de valoración cuantitativa:

Escala numérica con 5 graos de valoración (de 1 a 5), sendo 1 o valor máis negativo da escala, 3 o valor central e 5 o máis positivo.

1	2	3	4	5
Moi insatisfactorio	Insatisfactorio	Aceptable	Satisfactorio	Moi satisfactorio
Área de Insatisfacción			Área de Satisfacción	

Preguntas de valoración cualitativa: suxestións ou observacións.

## Planificación temporal

### Frecuencia de realización

Anual

### Período de realización

Outubro (aproximado), no ano n+1 tras rematar o doutoramento.

## Presentación dos resultados

Os informes de resultados recollen os datos para cada programa de doutoramento e o total agregado para todos os estudos de doutoramento da Universidade de Vigo.

### Resultados de participación:

-Número de participantes posibles, número de participantes que cubriron o cuestionario e taxa de resposta, segundo o sexo.

### Resultados de satisfacción:

Os resultados de cada programa expresan a opinión media dos que responden ao cuestionario.

A valoración global de cada pregunta, criterio ou total da universidade calcúlase de xeito agregado tendo en conta todas as respostas (e non como cálculo de medias).

### Especificacións técnicas (validez dos resultados)

Ao tratarse dun censo (está dirixida a toda a poboación, logo non hai mostraxe probabilista), os resultados son exactos, non estimacións, sen erro de mostraxe.

# MEDICIÓN DA SATISFACCIÓN

## PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO

---

### Cuestionario para as persoas tituladas

*A Universidade de Vigo está a realizar unha enquisa para mellorar a calidade dos seus programas de doutoramento, e así contribuír á mellora da formación do estudantado e á mellora da propia Universidade.*

*Por iso, gustaríanos coñecer a súa opinión sobre diferentes aspectos da titulación e da súa situación profesional actual contestando o seguinte cuestionario que lle tomará uns minutos.*

*Na maioría das preguntas basta con que exprese o seu grao de satisfacción puntuando de 1 a 5 as cuestións no lugar indicado para iso (o valor 1 é o máis negativo da escala e o 5 o máis positivo, sendo 3 o valor central); noutras, a posible resposta é aberta.*

*Aviso sobre confidencialidade:*

*O tratamento das respostas será anónimo e confidencial e nunca serán tratadas persoalmente. A identificación mediante o código de acceso en ningún caso quedará asociada ás respostas emitidas ao encher o cuestionario.*

*A escala empregada é a seguinte:*

*(1) Moi insatisfactorio; (2) Insatisfactorio; (3) Aceptable; (4) Satisfactorio;*

*(5) Moi satisfactorio.*

*Se non ten ningunha opinión sobre algunha cuestión ou non é aplicable para vostede, pode deixala en branco.*

Datos de entrada (opcionais)

Indique, por favor, o seu grao de satisfacción coas seguintes cuestións, cunha valoración comprendida entre 1 e 5. O valor 1 representa a cualificación máis baixa (moi en desacordo ou moi insatisfeito/a co enunciado) e o 5 a máis alta (moi de acordo ou moi satisfeito/a co enunciado).

### **Empregabilidade e inserción laboral**

- 1 O programa de doutoramento capacitoume para desenvolver a miña carreira investigadora
- 2 A realización do programa de doutoramento facilitou a miña inserción laboral
- 3 O programa de doutoramento contribuíu a mellorar o meu nivel sociolaboral.
- 4 O traballo que desempeño actualmente está relacionado co contido do programa de doutoramento realizado

### **Satisfacción global**

- 5 Indique o seu grao de satisfacción global co programa de doutoramento.
- 6 Indique o seu grao de satisfacción global co/a/s director/a/s e titor/a/s
- 7 Estou satisfeito/a coas competencias adquiridas ao realizar o programa de doutoramento.
- 8 Recomendaría a realización deste programa de doutoramento.

### **Suxestións/Observacións**

Se quere facer algunha suxestión/observación, utilice este espazo:

*Moitas grazas pola súa colaboración*